

CIRCULAR 279

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

SETEMBRO 2019

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicología Educativa / TIC e Administración Electrónica



Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaria



Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaria / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicología do Deporte



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais



Mª del Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicología da Intervención Social



Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Xurídica



Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 280 e sairá a principios do mes de novembro de 2019.

A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de outubro de 2019.

ÍNDICE

5	Información Xeral
15	Información das Seccións
19	GIPCE
20	Comisión de Ética e Deontoloxía
21	O Código Deontolóxico

**3.027 persoas
falecidas por suicidio
en Galicia
2010-2018**

Editorial

Falemos do suicidio

Tres mil vinte e sete persoas faleceron por suicidio entre 2010 e 2018 en Galicia, de acordo co que se recolle nas memorias publicadas polo Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga). Pecharemos a década cunha cifra dolorosa, especialmente porque o suicidio pode previr-se, tal e como indican entidades internacionais como a Organización Mundial da Saúde, e como se nos lembrou este 10 de setembro, no Día Mundial pola Prevención do Suicidio.

O suicidio é un problema de saúde pública, frecuentemente oculto e silenciado, pero no que é crucial poñer o foco para prever estas mortes evitables. Este 2018 pechábase co dato menos negativo de toda a serie desde que existe rexistro no Imelga (ano 2005), que indica que en Galicia faleceran 288 persoas por suicidio, o que nos afasta dos 394 rexistrados en 2014.

No labor de visibilización e loita por un plan autonómico para a prevención do suicidio, materializado en 2017, tivo un papel esencial o Movemento Galego da Saúde Mental, unha plataforma da que este Colexio tamén forma parte xunto con outras moitas entidades e profesionais do ámbito da saúde mental. Grazas a

isto, conseguíuse falar máis que nunca deste grave problema de saúde pública, a primeira causa de morte externa no conxunto do Estado e que en Galicia agora se sitúa por detrás das caídas accidentais. Porque falar da conduta suicida é imprescindible para superar o estigma que a rodea e que constitúe un impedimento para a busca de axuda por parte das persoas que teñen ideacións autolíticas ou dos seus achegados.

Abriuse un camiño por parte do goberno galego, pero continuamos a precisar máis medidas que aposten pola prevención do suicidio, porque non podemos considerar que esta baixada da taxa de suicidio galega sexa un bo dato, só é un rexistro menos malo que o anterior, que acadara unhas cifras insoportables.

Pero vemos cuestións pendentes que teñen que ser prioritarias para o executivo autonómico, comezando por prover de persoal suficiente para a atención á saúde mental na nosa Comunidade. Galicia é a autonomía coa peor dotación de profesionais da saúde mental do conxunto do Estado, cunha ratio de especialistas en psicoloxía clínica de 3,51 por cada 100.000 habitantes, ben lonxe dos 5,71 da media española. Sen garantir unha adecuada atención psicolóxica no Servizo Galego de Saúde é imposible que se poida abordar a prevención do suicidio, especialmente cando non se recolle a prestación de psicoloxía clínica na Atención Primaria.

Este incremento do persoal require vir acompañado dunha dotación orzamentaria que garanta a aplicación das medidas, e ampliar a ollada recoñecendo que na prevención do suicidio non se debe abordar só desde o plano sanitario, senón que os factores sociais e económicos teñen unha influencia contrastada, tal e como indicou a OMS.

Os máis de 3.000 galegos e galegas que faleceron por suicidio nesta última década constitúen a imaxe dun problema social que non podemos tolerar se pretendemos ser unha sociedade desenvolvida.

Relacións institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu:



M^a Rosa Álvarez Prada

■ Á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, o día 29 de xullo en Santiago de Compostela.

■ Á Asemblea Xeral Ordinaria de Unión Profesional de Galicia, que se celebrou o día 29 de xullo en Santiago de Compostela.



Fátima López Rodríguez

Os coordinadores da Quenda de Garda Psicolóxica Especializada en Violencia de Xénero do COPG, Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez, mantiveron o 23 de agosto unha xuntanza con representantes da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para facer seguimento do convenio que rexe este servizo.



Rubén Villar Trencó

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu á presentación do 175 Aniversario do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, o 26 de xuño en Santiago de Compostela.



Luisa M^a Blanco Caramés

A representante do COPG na Comisión Galega de coordinación e seguimento da actividade fronte á infección por VIH/SIDA e outras ITS, Luisa M^a Blanco Caramés, asistiu á III reunión desta comisión celebrada o 4 de xullo en Santiago de Compostela.

A vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M^a Leonor Galiana Caballero, asistiu á xuntanza do pleno do Consello Galego de Benestar Social celebrada o 9 de xullo en Santiago de Compostela.

O vicepresidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, José Ortuño Vilurbina, mantivo unha xuntanza con María Botana Rocamonde, da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), que tivo lugar o 10 de xullo, coa finalidade de acordar un convenio de colaboración entre ambas institucións e de perfilar liñas de colaboración no programa de formación continuada da CEC.

A vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica, M^a Alba Sousa González, asistiu en representación da sección ao Congreso European Association of Psychology and Law 2019 (EAPL), que se desenvolveu en Santiago de Compostela do 17 ao 20 de xullo.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología, celebrada o día 29 de xuño en Madrid.

IV Congreso Nacional de Psicología


Do 21 ao 24 de xullo celebrouse en Vitoria o **IV Congreso Nacional de Psicología** «Nada de lo psicológico nos es ajeno» organizado polo Consejo General de la Psicología. Nel participaron cerca de 1.500 congresistas e contou con representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



M^a Leonor Galiana Caballero



José Ortuño Vilurbina



M^a Alba Sousa González



Relatorio «A realidade da intervención psicolóxica educativa en España»



Simposio «A convivencia nos centros educativos é tarefa de toda a comunidade»



Presentación do póster «Acoso escolar. Un caso atípico»



Simposio «A perspectiva de xénero na práctica psicolóxica»

Participaron no congreso como relatores e relatoras os seguintes representantes do COPG:

- A decana do COPG e coordinadora da Área de Psicología e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología, M^a Rosa Álvarez Prada, representando á Área, coordinou o simposio «A perspectiva de xénero na práctica psicolóxica», no que participaron Andrea Ollero Muñoz do COP de Valencia, Rocío Gómez Hermoso do COP Madrid, María Dolores Gómez Castillo do COP Castilla La Mancha e Carlos Montes Piñeiro e Lourdes Mirón Redondo do COPG.
- O vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, presentou o relatorio «A realidade da intervención psicolóxica educativa en España» como membro da División de Psicología Educativa do Consejo General de la Psicología.
- Manuela del Palacio García, Ana M^a Ulloa Lage e M^a Begoña Castro Iglesias, presidenta, vicepresidenta e tesoureira respectivamente da Sección de Psicología Educativa do COPG, presentaron o póster «Acoso escolar. Un caso atípico» e o simposio «A convivencia nos centros educativos é tarefa de toda a comunidade».

■ A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, presentou o póster «Conduce sen medo. Programa de intervención sobre a amaxofobia».

■ O membro do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, Diego Antelo Guerra, presentou o relatorio «Opcións de intervención na Psicoloxía do Tráfico nos últimos 10 anos: a rehabilitación viaria».

■ O presidente da Sección de PTO, Carlos Montes Piñeiro, interveu no simposio sobre «Benestar laboral nas organizacións».

■ O vogal da Sección de PTO e membro da Directiva da División PTORH, José Luis Domínguez Rey, coordinou o simposio «Perfís emerxentes en psicoloxía do traballo, das organizacións e dos recursos humanos».



Simposio «Perfís emerxentes en psicoloxía do traballo, das organizacións e dos recursos humanos»

No marco do «IV Congreso Nacional de Psicología» celebráronse diversas reunións, nas que o COPG tivo a seguinte representación:

■ V Convención do Consejo General de la Psicología, baixo o lema «Ciencia e pseudociencia na Psicología», que se celebrou os días 22 e 23 de xullo, e á que asistiron os membros da Xunta de Goberno e das Seccións do COPG alí presentes.

■ As reunións de Xunta Xeral do Consejo General de la Psicología e do Patronato de Psicofundación, celebradas o 21 de xullo, ás que asistiu a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada.

■ As reunións de Divisións, Áreas e Grupos de Traballo do Consejo General de la Psicología, celebradas o día 22 de xullo:

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía e Igualdade de Xénero, da que é coordinadora.
- A coordinadora do Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana M^a Núñez Rubines, asistiu á reunión da Área de Intervención Psicolóxica en Emerxencias e Catástrofes.



Reunión da Área de Intervención Psicolóxica en Emerxencias e Catástrofes

- O vogal da Xunta de Goberno do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu á reunión da Área de Novas Tecnoloxías Aplicadas á Psicoloxía.
- A vicesecretaria do COPG, Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento.
- A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade (PsTyS).

- O presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, Carlos Montes Piñeiro, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.
- En representación da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Ricardo Vázquez Gómez, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía Clínica.
- A vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M^a Leonor Galiana Caballero, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía da Intervención Social.



Reunión conxunta da División e da Área de Psicoloxía Educativa

- A coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía e Deporte do COPG, M^a Dolores González Fernández, asistiu á reunión da Área de Psicología de la Actividad Física y el Deporte e a reunión da División de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte (PACFD).
- A presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, M^a Dolores Seijo Martínez, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía Xurídica.
- O vicedecano do COPG e membro da Directiva da División de Psicoloxía Educativa, Hipólito Puente Carracedo, e a presidenta da Sección de Psicoloxía

Educativa do COPG, Manuela del Palacio García, asistiron á reunión conxunta da División e da Área de Psicoloxía Educativa.

- O membro da Directiva da División de Psicoloxía Clínica e da Saúde (PCyS), Xavier Sardiña Agra, asistiu á reunión da mesma celebrada no marco do congreso.
- O representante da División de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTORH), José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da súa Xunta Directiva celebrada no marco do congreso.
- O coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do intrusismo do COPG, Víctor M. Torrado Oubiña, asistiu á reunión da Comisión do Exercicio Privado, Intrusismo e Defensa da Profesión, celebrada durante o congreso.

Posicionamento con motivo do Día Internacional da Liberación Sexual ou do Orgullo LGTBI, 28 de xuño

Coa difusión dun comunicado, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a través do Consejo General de la Psicología, quere homenaxear a todas as vítimas que ao longo da historia sufriron o acoso, a discriminación e a violencia, así como a perda da súa vida por motivos relacionados coas súas identidades sexo afectivas e de xénero, así como avogar pola definitiva e real despatoloxización da transexualidade en calquera das súas manifestacións.

Pódese acceder ao texto íntegro do comunicado na páxina web do COPG

<https://copgalicia.gal/novas/xeral/posicionamento-con-motivo-do-dia-internacional-da-liberacion-sexual-ou-do-orgullo-lgtbi>

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia condena os asasinatos machistas cometidos no mes de xullo en Vilalba e no mes de setembro en Valga

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expresou a súa máis rotunda condena aos asasinatos machistas cometidos no mes de xullo en Vilalba (Lugo) e no mes de setembro en Valga (Pontevedra), ao tempo que desexa trasladar a súa solidariedade e as súas condolencias ás familias e ás persoas achegadas das vítimas.

Desde a psicoloxía reclamamos que se poña o foco nas medidas de carácter preventivo e de intervención psicolóxica, especialmente nas idades máis temperás, para erradicar estereotipos machistas e desigualdades que sustentan a violencia contra a muller. A prevención é o mecanismo real para pór fin á violencia contra as mulleres e así desterrar condutas que permanecen na sociedade e que perpetúan o maltrato á muller. Sen unha aposta decidida pola prevención será inevitable que sigamos lamentando sucesos tan trágicos como o asasinatos cometidos en Vilalba e Valga.

Máis de 1000 mulleres asasinadas por violencia de xénero en dezaseis anos

En datas recentes os medios de comunicación informábanos de que nos últimos dezaseis anos máis de mil mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas en España, período desde o cal existe o rexistro.

Desde o Consejo General de la Psicología e desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíuse un comunicado ao respecto, no que ademais se manifesta a necesidade de ofrecer a mellor atención ás vítimas de violencia de xénero (incluído as

súas fillas e fillos menores) e desenvolver recursos que permitan saír de xeito definitivo desa situación. Entre estes recursos a intervención psicolóxica é unha necesidade básica e fundamental, que precisa ser garantida desde as administracións públicas. Pódese acceder ao texto íntegro do comunicado na páxina web do COPG

<https://copgalicia.gal/novas/xeral/mais-de-1000-mulleres-asasinadas-por-violencia-de-xenero-en-dezaseis-anos>



Curso básico en xénero, perspectiva de xénero e violencia de xénero



Acto inaugural do curso

Desde o 6 de setembro e ata o 9 de novembro, máis de 150 colexiadas e colexiados do ámbito da saúde estanse a formar en materia de xénero, perspectiva de xénero e violencia de xénero nun amplo curso que organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, grazas a un convenio coa Consellería de Sanidade co que dar cumprimento ás medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O venres 6 de setembro deuse inicio a esta actividade formativa cun acto inaugural no que participaron a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada da secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, e da vicexerente do SERGAS, Raquel Vázquez Mourelle.

Son un total de 64 horas cun programa exhaustivo dirixido a profesionais sanitarios/as da psicoloxía, tanto do sector público como do privado, ben sexan especialistas en psicoloxía clínica, psicólogos/as xerais sanitarios/as ou que contén coa habilitación da Consellería de Sanidade para o exercicio de actividades sanitarias.

O curso repártese en nove sesións e será impartido por 26 docentes. O obxectivo é facilitar a integración dunha «mirada de xénero» que permita aos psicólogos e psicólogas superar a inequidade que se deriva da construción social do xénero e, deste modo, atender ao carácter ético asociado coa xustiza social e os dereitos humanos.



Cristina González Freire con
Hipólito Puente Carracedo,
vicedecano do COPG

Adxudicación da XI Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía

O Comité Seleccionador da XI Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía acordou a concesión da Beca ao proxecto «Despatoloxizando e desmedicalizando os malestares das mulleres: terapia de grupo con mulleres con malestares psicolóxicos comúns en Atención Primaria», presentado por Cristina González Freire, colexiada G-5845.



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIÓNS
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO
Telf: 986 295 621

KARMA
Telf: 986 471 439

www.formacioncambio.com

psicoestudio@psicoestudio.com
karmapsicologia@mundo-r.com

Grupos reducidos
Seminarios con especialistas
Prácticas in vivo supervisadas
Horarios e contidos adaptados
ao/a alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso
Celia Comeselle Taboada
José Antonio Muñiz Torrado
Manuel Lopo Lago

colaboradores asociados:

Emilio Gutiérrez García
(Unidade Venres Clínico
Universidade Santiago de Compostela)
José Luis Rodríguez-Arias Palomo
(Membro honorífico de cambio)

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio:

<http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa>

<http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducíense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <https://www.linkedin.com/company/copgalicia>

Instagram: <https://www.instagram.com/copgalicia/>

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo

—



APELIDOS
NOME

G-7542
Número de colexiado/a



Nome Apelido Apelido

O teu número
de colexiación
ten moito valor
faino ver

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación prevista

Os días 20 e 21 de setembro terá lugar no salón de actos do COPG o curso «Mellorando os resultados en psicoterapia: principios terapéuticos baseados na evidencia». Esta actividade, organizada pola Sección de Psicoloxía e Saúde coa colaboración da Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes (AGAPIR), será impartida por Alberto Gimeno Peón. O obxectivo da mesma será mellorar os resultados dos tratamentos psicolóxicos reducindo a porcentaxe de abandonos, de casos que se deterioran e de casos que non progresan e aumentando as taxas de efectividade e eficiencia.

Máis información no seguinte enlace:

<https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-saude/curso-mellorando-os-resultados-en-psicoterapia-principios>

Por outra banda, está previsto que os días 25 e 26 de outubro se celebre o curso «Avaliación e intervención en conduta suicida», impartido por M^a Teresa Reijas Ruiz e Teresa Pacheco Tabuenca e coordinado por María Blanco Suárez. A finalidade desta acción formativa é xerar un espazo de comunicación e información rigorosa sobre a conduta suicida, compartir iniciativas preventivas que se levan a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia, axudar e identificar cales son as sinais de alerta e propor distintas habilidades de intervención durante a crise suicida e de acompañamento na postvención.

Pódense consultar máis datos no seguinte enlace:

<https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-saude/curso-avaliacion-e-intervencion-en-conduta-suicida>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Reivindicación da modificación da convocatoria das bolsas NEAEs

Desde a Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, un ano máis se mostrou o desacordo e se solicitou unha revisión e modificación dos requisitos e características reflectidas na publicación da «Resolución de 23 de xullo de 2019, da Secretaría de Estado de Educación y Formación Profesional, do Ministerio de Educación y Formación Profesional», da convocatoria das correspondentes axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAEs) para o curso académico 2019-2020, dado que, tal e como se pode comprobar na devandita convocatoria, un ano máis, estas bolsas seguen a deixar fóra moitos/as alumnos/as que teñen NEAEs que non se contemplan nela.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/educativa>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Convocatoria de eleccións á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social

En cumprimento do previsto no Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e atendendo á finalización do período de goberno para o que foi elixida no ano 2015, a Xunta Directiva, na súa reunión de 29 de xuño de 2019, decidiu convocar eleccións á xunta directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG.

A data da xornada electoral será o xoves, 10 de outubro de 2019 e o proceso para a elección dos órganos de goberno citados desenvolverase de acordo co calendario axunto e as normas previstas no Regulamento de Réxime Interior da Sección, no Regulamento Marco das Seccións Profesionais e nos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/intervencion-social>

Co obxecto de supervisar o proceso, constitúíuse a Comisión Electoral que está formada polo presidente, a secretaria e unha vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía.

Máis información en: <https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-intervencion-social/elecciones-xunta-directiva-da-seccion-de-0>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Nova Xunta Directiva da División PTORH

A División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e os Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología, de acordo co Regulamento Marco das Divisións, vén de renovar os cargos da súa Xunta Directiva. O proceso iniciouse o pasado mes de abril, coa elección entre todas e todos os integrantes da División de tres membros electos, e finalizou o pasado 21 de xullo tras a designación das dúas vogalías restantes entre as candidaturas presentadas polos distintos colexios autonómicos. Finalmente, a nova Xunta Directiva da División queda constituída como segue:

- Francisco Javier Sánchez Eizaguirre (COP Las Palmas).
- M^a Pilar del Pueblo López (COP Valencia).
- Francisco-Solano Romero González (COP Cataluña)
- M^a Isabel Aranda García (COP Madrid).
- José Luis Domínguez Rey (COP Galicia).
- Manuel Vilches Nieto (COP Andalucía Oriental).

No marco do IV Congreso Nacional de Psicoloxía celebrouse a reunión de representantes territoriais da área de PTO dos respectivos colexios autonómicos. Entre outras cuestións, abordáronse a actualización do documento sobre o perfil profesional e os ámbitos de actuación, as futuras liñas de traballo sobre o coaching psicolóxico, o desenvolvemento do plan de comunicación para dar visibilidade á Norma UNE-ISO 10667, a posible creación dun Observatorio Nacional de Emprego e o presenza dos COPs nos futuros eventos da División.

Xestión emocional e eficacia organizacional

Do 20 ao 22 de maio de 2020 celebrárase en Las Palmas de Gran Canaria unha nova edición do **Congreso Internacional de Psicoloxía do Traballo e Recursos Humanos**. Un punto de encontro para as distintas seccións territoriais de PTO e un espazo de intercambio científico-profesional e de reflexión conxunta con empresas e organizacións sobre modelos, metodoloxías e ferramentas de intervención para a xestión integral das persoas nas contornas organizacionais.

Nesta terceira edición, as emocións e a súa xestión cobrarán un papel protagonista dentro dun programa moi amplo e diverso que inclúe, entre outros tópicos, o papel das emocións no traballo; o coaching psicolóxico; o xénero e a xestión da diversidade; o liderado, a dirección e o emprendemento; o turismo e a industria da felicidade; e a ética e a sustentabilidade.

Máis información en: www.cprh2020.com

Se traballas no ámbito da Psicoloxía do Traballo, das Organizacións ou dos RRHH e desexas colaborar coa Sección, ponte en contacto co COPG. Temos moitos proxectos por emprender conxuntamente!

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/traballo-e-das-organizacions>



Cartel do III Congreso Internacional de Psicoloxía do Traballo e Recursos Humanos

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Formación interna

Concepción López Martín e Julita Touriño Araújo impartirán o curso «Comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes e proceso de dó», que estará dirixido tanto a colexiados e colexiadas interesadas no tema como aos novos membros que non o teñan feito con anterioridade. Impartirase os días 20, 21, 27 e 28 de setembro de 2019 e contará coa certificación de interese sanitario.

Os días 4 e 5 de outubro realizarase a segunda parte do curso «Terapia de Compañión e Regulación Emocional. Módulo II», impartida por Gonzalo Brito, experto instrutor de programas baseados en mindfulness e compañía. Nesta ocasión xunto coa inscrición ao curso darase a posibilidade, para aquelas persoas que estean interesadas, de mercar o seu libro *Mindfulness y equilibrio emocional*. Este curso tamén conta coa certificación de interese sanitario.

Formación externa

Os días 14, 15 e 16 de novembro celebraranse en Tui unhas xornadas sobre «Accesibilidade e atención psicolóxica durante e despois dunha catástrofe: experiencia Tui - Paramos». Organizadas pola Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, estarán representando ao GIPCE: Soledad Ozores Dopereiro, como parte do comité científico; Ana Isabel Martínez Arranz, como coordinadora do dispositivo psicolóxico na intervención de Tui; Elena González Cid, para falar da necesidade da formación previa en autocoidado dos e das profesionais de emerxencias; e M^a Jesús Taboada Costas, representando ao GAI (Grupo de Apoio a Intervenientes) e expoñendo o seu protocolo de actuación con intervenientes.

O 28 de outubro Ana Isabel Martínez Arranz impartirá na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) un novo curso de «Manexo de estrés e autocoidado emocional nos/nas intervenientes» dirixido a profesionais de emerxencias.

Ligazón ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>

Deontoloxía e docencia: o artigo 45 do Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a

Con frecuencia, no exercicio do noso traballo e responsabilidades, o/a psicólogo/a enfróntase a tarefas que supoñen a divulgación, xa sexa escrita ou oral, de información relativa a casos que se atenden en calquera dos ámbitos da psicoloxía.

Sesións clínicas, seminarios, obradoiros, cursos ou artigos con descrições de casos forman parte da nosa actividade e convertéronse nunha ferramenta de traballo, aprendizaxe e comunicación tan cotiá entre compañeiros e compañeiras que, con frecuencia, non somos conscientes das obrigas deontolóxicas que estes actos supoñen.

Desde a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG gustaríanos lembrar que tanto a «Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal» como o Artigo 45 do Código Deontolóxico do Psicólogo/a (CDP) son claros advertindo da obriga de «facerse de modo que non sexa posible a identificación da persoa, grupo ou institución da que se trata». Isto supón modificar información relativa ao sexo, idade e outros datos identificativos familiares, laborais, localidade ou zona de residencia que poderían facer recoñecibles as/os clientes.

Nalgúns cursos de formación xa se está solicitando ao alumnado que asinen un acordo de confidencialidade no que se comprometen a non divulgar, publicar ou facer accesible calquera información relativa a pacientes e/ou usuarios/as que, a pesar de ser distorsionada, puidese saír ao longo do curso.

Finalmente, queremos lembrar que no caso de utilizar vídeos ou audios, débese obter o consentimento dos/as clientes despois de explicarlles adecuadamente os fins e usos da devandita gravación; sendo recomendable que se eliminen signos identificativos e se difuminen os seus trazos faciais.

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA



*Ligazón ao apartado do
GIPCE da páxina web do
COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>*



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Utiliza instrumentos e métodos validados cientificamente.
- Mantén unha formación continuada, tanto desde o punto de vista científico e técnico como deontolóxico. Garantirás deste xeito a túa competencia profesional.

«SERVIZOS AOS PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA COLEXIADOS E COLEXIADAS»

Publicacións informativas, servizo de préstamo de material e fondo documental.

- Circular Informativa.
- Cadernos de Psicoloxía.
- Material de avaliación psicolóxica.
- Servizo de biblioteca na sede do COPG e da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Información sobre seguros e ofertas para os profesio- nais da psicoloxía colexiados e colexiadas.

- Seguro de responsabilidade civil coa correduría Broker's 88 a través de Markel, para a contratación do seguro máis económico.
- Seguro de vida e accidentes de saúde con MAFPRE.
- Seguro de asistencia sanitaria con ASISA E SANITAS.
- 10% de desconto nos aloxamentos de:
TusCasasRurais.com,
Hotelius Club e Oca Hotels.

Oferta formativa, emprego e servizos profesionais.

- Programa formativo anual con axuda ás persoas desempregadas.
- Información laboral, distribución de ofertas formativas e información de convocatoria de oposicións.

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO BÁSICO XÉNERO, PERSPECTIVA DE XÉNERO E VIOLENCIA DE XÉNERO

Data: do 6 de setembro ao 9 de novembro de 2019

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC
Santiago de Compostela
Organiza: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CURSO DE REGULACIÓN EMOCIONAL E TERAPIA CENTRADA NA COMPAIXÓN - MÓDULO II

Data: 4 e 5 de outubro de 2019

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
Santiago de Compostela
Organiza: Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CURSO AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTA SUICIDA

Data: 25 e 26 de outubro de 2019

Lugar: salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Santiago de Compostela
Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CURSO ONLINE DE IGUALDADE DE XÉNERO NO EMPREGO

Datas: do 28 de outubro ao 30 de novembro de 2019

Plataforma de Teleformación do COPG
Organiza: Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

IV XORNADAS GALEGAS DA PSICOLOXÍA DO TRÁFICO E DA SEGURIDADE

Datas: 8 e 9 de novembro de 2019
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC
Santiago de Compostela
Organiza: Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

XXIV XORNADAS DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Datas: 14, 15 e 16 de novembro de 2019
Lugar: Edificio da Área Panorámica
Tui (Pontevedra)
Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Verán

Do 1 ao 30 de setembro

Luns, martes e mércores
de 8.00 a 20.00 h

Xoves e venres de 8.00 a 15.00 h

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio

De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h

Venres de 9.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia


 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** [www.linkedin.com/
company/copgalicia](http://www.linkedin.com/company/copgalicia)

 **Instagram:** [www.instagram.com/
copgalicia/](http://www.instagram.com/copgalicia/)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos



NON É
TABÚ,
É A
VIDA

FALAMOS?

Pon a túa saúde só en mans de profesionais.



Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia